

INVESTIGAMOS

Ingredientes:

- Póster "Escándalo Diario".

Preparación previa:

- Imos traballar coa segunda parte do póster, facemos visible o apartado de Deportes.
- Con esta actividade imos reflexionar sobre o impacto que o desperdicio de alimentos ten sobre o noso planeta.
- Preparar e coñecer os tres conceptos que se traballan na actividade:
 - Marca hídrica: consumo total de auga superficial e subterránea, expresada en m³. No caso do desperdicio alimentario, é a auga utilizada para a produción deses alimentos.
 - Solo: área que mide o país expresada en hectáreas. No caso do desperdicio alimentario, é a superficie de terra, necesaria para a produción de alimentos.
 - Marca de Carbono: cantidade total de Gases de Efecto Invernadoiro emitidos, expresados en kg. de CO₂.

Elaboración:


- Explicar un a un os tres conceptos aos que se refire o póster: marca hídrica, ocupación do solo e pegada de carbono. Pedir aos alumnos/as que intenten imaxinar a que países do mundo corresponden os tres primeiros postos.
- Cando terminaron, preguntar polas respostas, incluso apuntando no encerado aquelas que máis se repitan.

Sobremesa:

- Ao terminar, facer visible o póster e ler o artigo.
 - Que vos chamou máis a atención e por que?
 - Imaxinabades que puidese ser así?
 - Acertarades nalgún dos casos?
 - Pensarades algunha vez na pegada ecolóxica dos alimentos desperdiciados?, que sentimento producévos coñecelo?



- Poden suxerirse unha serie de exercicios matemáticos para comparar a magnitude do despilfarro; por exemplo:

- 
- Cantas veces cabe o territorio español no solo que se utiliza para producir os alimentos que despilfarramos (1400 millóns de hectáreas)?
 - A auga que supón a produción de alimentos despilfarrados (250 km³) Cantas persoas poderían beber, polo menos 2 litros diarios, durante un ano?, buscade exemplos de cidades españolas con esa cantidade de habitantes.